

(PONTEVEDRA)

“DECORA O TEU NADAL” 2017

ENTIDADE PROMOTORA

DECORA O TEU NADAL é unha iniciativa do Concello da Guarda en colaboración coas diferentes asociacións e desenvolverase de acordo as bases aquí establecidas.

A participación implica a aceptación integral das presentes normas.

TEMA

O tema obxecto da actividade é o “**Decorado Urbano de Nadal**”, separándoos por asociacións e tendo en conta nesta decoración o que cada unha delas representa.

Os traballos resultantes, serán utilizados polo Concello da Guarda para a decoración de diferentes puntos do municipio (prazas, alamedas...).

OBXECTIVOS

- Apreciar e valorar o Espírito do Nadal.
- Conseguir que o cidadán se sinta motivado por vivir o Nadal.
- Concienciar da importancia e coidado do entorno.
- Fomentar o traballo en grupo.
- Unir as distintas asociacións para traballar sobre un mesmo obxectivo.

CONDICIÓNS DE PARTICIPACIÓN

Pode participar nesta actividade tódalas asociacións (culturais, deportivas, ambientais, xuvenís, sociais, empresariais...) interesadas, sempre que sexan do municipio da Guarda.

DECORADO

Cada asociación, poderá participar cun máximo de **1 proposta** á que se lle outorgará un punto para dita decoración.

Os materiais empregados para a decoración deben ser principalmente **materiais de refugallo, non contaminantes e resistentes ao exterior.**



CONCELLO AGUARDA



Cada punto que sexa decorado deberá ser identificado polo **nome da Asociación** que traballou nel.

Este ano 2017, o Concello da Guarda volverá a outorgar unha axuda económica para a adquisición de material, se fose necesario, sempre e cando este non supere un límite e respecte a filosofía da iniciativa non substituíndo materiais de refugallo.

CONFIRMACIÓN DA PARTICIPACIÓN

As asociacións interesadas deberán confirmar a súa participación antes do día 8 de novembro de 2017. O día 10 comunicaráselle a cada unha das asociacións o punto a decorar.

PRAZO PARA A DECORACIÓN

Dende o **día 4 ao 11 de decembro**, as asociacións deberán encargarse de decorar os exteriores asignados a cada unha delas e, de ser o caso, facilitarase axuda por parte do Concello sendo avisado con tempo de antelación suficiente.

DIVULGACIÓN DOS RESULTADOS

Tódolos decorados faranse públicos o **11 de decembro de 2017**, día no que se realizarán as fotografías nas diferentes ubicacións, cos membros das asociacións. Ademáis, publicaranse na páxina web do Concello da Guarda e enviarase para a súa publicación a outros medios de comunicación.

DEREITOS DE AUTOR

Todos as asociacións participantes, autorizan a utilización dos traballos, sen compensación, en todas as publicacións, ou actividades promovidas polo concello da Guarda, quen deberá en todo caso citar o autor (salvo que este indique por escrito que non quere ser identificado).

NOTA FINAL

Para calquer aclaración, os interesados poden dirixirse ó Concello da Guarda:

Praza do Reló, 1

Horario: 09:00 -15:00

Tlfno. 986 61 00 00

E-mail: cultura@aguarda.es